

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Ana Laura Iglesias González
D. Santos Hector Rodríguez Díaz
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dezaioito de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1139).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de novembro, ordinaria do 4 de novembro e extraordinarias e urxentes do 7 e 8 de novembro de 2016. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1140).- MEDIDAS DE IMPLEMENTACIÓN DAS LEIS 39/2015 E 40/2015. EXPTE.7981/113.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/11/16, asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica, e o concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

As tecnoloxías da información e das comunicacións (TICs) ocupan un papel fundamental na vida política, social, económica e laboral, tanto no sector privado como no sector público. Por esta razón, a implementación das TICs en todos os trámites que se realicen por e dende o sector público (incluída a administración municipal) é unha necesidade imperiosa que o lexislador ven de transformar nunha obriga para as administracións públicas.

Neste contexto, con data 1 de outubro de 2015 promulgáronse as Leis 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015 de réxime xurídico do sector público. Tal e como sinala a Exposición de Motivos da Lei 39/2015, no seu apartado IV: *"...no contorno actual, a tramitación electrónica non pode ser aínda unha forma especial de xestión dos procedementos senón que debe constituír a actuación habitual das administracións. Porque unha Administración sen papel baseada nun funcionamento integramente electrónico non soamente serve mellor os principios de eficacia e eficiencia, ao aforrar custos a cidadáns e empresas, senón que tamén reforza as garantías dos interesados."*

Estas Leis superan o problema de dispersión normativa existente neste ámbito e a superposición de rexímenes non sempre coherentes entre sí, prevendo a entrada en vigor diferida dalgunha das materias que regulan ás seguintes datas: 1 de outubro de 2016 e 1 de outubro de 2018.

Porén, para dar soporte á aplicación das materias reguladas nas devanditas Leis con entrada en vigor diferida a 1 de outubro de 2018, é preciso activar os mecanismos necesarios para anticiparnos aos servizos que esta administración debe prestar, dar pleno cumprimento aos dereitos establecidos para a cidadanía e para poder prover un funcionamento integramente electrónico da administración municipal. Estas leis apostan por unha administración pública que funcione íntegra e exclusivamente de xeito electrónico e que reduza cargas administrativas e custes económicos á cidadanía e empresas nas súas relacións administrativas. Todo isto reportará eficiencia e competitividade nas relacións coa administración, incluída a administración local.

A fin de acadar que dita implantación se produza en tempo e forma e en coherencia co disposto na Disposición Final 7ª (que prevé a entrada en vigor diferida ao 1 de outubro de 2018 das sete materias que nela se mencionan), a XGL en data 05/11/2016 acordou impulsar a elaboración do "Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo", coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación. Mediante este acordo, creouse tamén a Comisión Técnica do citado Plan, constituída en data 7 de novembro de 2016.

Neste proceso de implementación efectiva dos medios informáticos, electrónicos e telemáticos (que obrigan á administración a establecer ferramentas que posibiliten o dereito da cidadanía a escoller a canle de comunicación mediante a cal desexan relacionarse coa administración, puidendo optar pola canle electrónica en calquera momento que estes decidan, sendo esta canle obrigatoria para as persoas xurídicas), cómpre ter presente o disposto na Disposición Transitoria 4ª da Lei 39/2015 que establece que *"Mentres non entren en vigor as*

previsións relativas ao rexistro electrónico de apoderamentos, rexistro electrónico, punto de acceso xeral electrónico da administración e arquivo electrónico único, as Administracións Públicas manterán as mesmas canles, medios ou sistemas electrónicos vixentes relativos a ditas materias, que permitan garantir os dereitos das persoas a relacionarse electronicamente coa Administración”.

Ao disposto na Disposición Transitoria 4ª transcrita, hai que engadir que son elementos esenciais nestas novas leis o Portal web ou de internet, a Sede Electrónica e o Rexistro.

O Portal se configura no artigo 39 da Lei 40/2015 como o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponde a unha administración pública que permite o acceso a través de internet á información publicada e, no seu caso, á sede electrónica correspondente.

Pola súa banda, a Sede Electrónica se define no artigo 38.1 da Lei 40/2015 como aquela dirección electrónica, dispoñible para a cidadanía a través de redes de telecomunicacións, cuxa titularidade corresponde a unha administración pública, ou ben a varios organismos públicos ou entidades de Dereito Público no exercicio das súas competencias.

E o artigo 16.1 da Lei 39/2015 dispón que cada administración disporá dun Rexistro Electrónico Xeral, no que se fará o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo. O Concello dispón con anterioridade á entrada en vigor Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos dun rexistro electrónico para uso da cidadanía a través da carpeta cidadá, que lles permite a relación electrónica co Concello de Vigo. Este será o Rexistro que, consonte co disposto coa Disposición Transitoria 4ª se manteña como medio para garantir o dereito das persoas a relacionarse electronicamente coa administración municipal. Non entanto, as súas normas de funcionamento serán as previstas directamente na Lei 39/2015.

O Concello de Vigo implantou as previsións da Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información e bo goberno en tempo e forma, coa creación do Portal de Transparencia accesible tanto desde a sede electrónica como desde o punto de acceso electrónico principal.

O Concello de Vigo publica tamén na sede electrónica o Perfil de Contratante conforme ao artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto refundido la Lei de contratos do sector público.

PROPOSTA DE ACORDO

Á vista do exposto, a Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal, o 11/11/2016 deu conformidade á presente proposta polo que, en coherencia con este marco legislativo e ao teor do expresado na Disposición Transitoria 4ª da Lei 39/2015, resulta convinte como primeiro paso, propoñer á Xunta de Goberno Local (órgano competente en virtude do Resolución de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 08/11/2016) a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Establecer o acceso ao portal ou punto de acceso electrónico principal do Concello de Vigo a través do dominio www.vigo.org, en cumprimento do artigo 39 da Lei 40/2015, que permite o acceso á sede electrónica, ao portal de transparencia municipal así como ao resto de portais ou puntos de acceso electrónicos de titularidade do Concello de Vigo.

Segundo.- Identificar a sede electrónica do Concello de Vigo, en aplicación do disposto no artigo 38 da Lei 40/2015, no enderezo sede.vigo.org, co seguinte contido:

- a) A sede electrónica configúrase como o enderezo electrónico cuxa titularidade, xestión e administración corresponde ao Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, a través da cal a cidadanía accederá á información e aos servizos e trámites electrónicos do Concello de Vigo.
- b) Esta sede electrónica do Concello de Vigo será común a todos aqueles órganos e organismos públicos que integran a súa estrutura.
- c) O enderezo electrónico de referencia da sede electrónico do Concello de Vigo é <https://sede.vigo.org> que será accesible directamente ou a través da web municipal.
- d) Correspóndelle a titularidade da sede electrónica ao Concello de Vigo
- e) Na sede electrónica estará dispoñible tamén o procedemento para formular queixas e suxestións.

Terceiro.- Manter, ao amparo do disposto na Disposición transitoria 4ª da Lei 39/2015, o rexistro electrónico que está en funcionamento no Concello de Vigo dende o ano 2006 a través da carpeta cidadá, que permite a relación electrónica co Concello de Vigo no enderezo da sede electrónica antes indicado, entanto non entre en vigor o disposto na Disposición Final 7ª da Lei 39/2015, se ben o seu funcionamento deberá actualizarse ás previsións desta Lei, nos seguinte termos:

- a) A responsabilidade da xestión dos rexistros electrónicos do Concello de Vigo e dos demais organismos públicos vinculados ou dependentes deste corresponderá aos seus Rexistros Xerais.
- b) O Rexistro electrónico será accesible a través da sede electrónica do Concello de Vigo.
- c) A data e hora oficial sincronizarase segundo o disposto no artigo 15 do RD 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade. A data e hora figurará visible na sede electrónica.
- d) A sede electrónica amosará en lugar visible o calendario de días inhábiles.
- e) Admitiranse os sistemas de firma electrónica, nos termos establecidos no ordenamento xurídico. Os sistemas de firma electrónica admitidos polo Concello de Vigo estarán publicados e recollidos na sede electrónica como medio para a identificación da cidadanía e autenticación dos seus documentos.
- f) O rexistro electrónico do Concello de Vigo rexerese no relativo ao calendario, horario e cómputo de prazos polo previsto no artigo 31 da Lei 39/2015.
- g) O rexistro emitirá automaticamente un recibo acreditativo da presentación ante o mesmo da solicitude, escrito ou comunicación, de forma que garanta plenamente a autenticidade, integridade, non repudio ante o Concello dos documentos e formularios presentados, de acordo co artigo 16.3 da Lei 39/2015, proporcionando os elementos probatorios plenos do feito da presentación e do contido da documentación

Cuarto.- Publicar o presente acordo no BOE.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1141).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL, DURANTE OS MESES DE SETEMBRO-OUTUBRO 2016. EXPTE. 131651/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/16, asinado pola técnica de Servizos Económicos, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: setembro-outubro de 2016

DEPARTAMENTO: BENESTAR SOCIAL FUNCIONAL: 2310 / 2016

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
24/10/2016	INSTALACION EQUIPOS FRIO CENTRO CIIES	2120002	201600093415	3.026,21	COMERCIAL MARQUES GALICIA S.L.
14/10/2016	OBRAS SALA PRINCIPAL CENTRO CIIES	2120002	201600094219	6.404,53	MANTEMENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS, S. Coop.
27/09/2016	MATERIAL ORDINARIO NON INVENTARIABLE	2200000	201600091113	500,00	VARIOS
19/09/2016	PRENSA E OUTRAS PUBLICACIONES	2200100	201600089427	100,00	VARIOS
27/10/2016	PROXECTO SOCIOEDUCATIVO XIN-XIN	2260907	201600097845	6.000,00	ASOC. XUVENIL ABERTAL
27/10/2016	PROXECTO LUDICO SOCIAL BARRIO DE TEIS	2260907	201600097846	8.629,50	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
19/09/2016	INFORME AVALIACIÓN MELLORA FOGARES	2279900	201600089421	4.900,50	ORLANDO ABILDUA CAPETILLO
20/09/2016	20 OBRADOIROS "NON PASA NADA, PASA ALGO" 3º ESO	2279906	201600089422	6.000,00	ASOC. ALBORADA
20/09/2016	15 OBRADOIROS "NON PASA NADA, PASA ALGO" 3º ESO	2279906	201600089423	4.500,00	ASOC. AMAINA
20/09/2016	10 OBRADOIROS PROGRAMA ODISEA	2279906	201600089424	3.000,00	ASOC. ALBORADA
20/09/2016	15 OBRADOIROS "NON PASA NADA, PASA ALGO" 4º ESO	2279906	201600089425	4.500,00	ASOC. ALBORADA
20/09/2016	15 OBRADOIROS "NON PASA NADA, PASA ALGO" 1º ESO	2279906	201600089428	4.500,00	ASOC. ERGUETE
27/09/2016	20 OBRADOIROS INFORMACION E SENSIBILIZACION 6º EP	2279906	201600091314	6.000,00	ASOC. ERGUETE
27/09/2016	10 CHARLAS "MAIS QUE UN TEITO"	2279906	201600091315	1.250,00	ASOC. ERGUETE
11/10/2016	ACTUALIZACION 2016 MATERIAL APOIO PROGR. PREVENICION PLDA	2279906	201600095830	5.000,00	VARIOS
24/10/2016	ACTUALIZACION PAXINA WEB PLDA	2279906	201600096380	217,80	VISUAL PUBLINET, S.L.
01/09/2016	Organización E PRODUCCION 6º XORNADAS PLDA	2279908	201600083181	6.000,00	VARIOS
24/10/2016	ACTIVIDADES TEATRO E CONTACONTOS PROGRA. SENSIBILIZACION	2279909	201600097601	4.000,00	VARIOS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(11421).- PROPOSTA DE REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO SEGUNDO LICITADOR NA CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DO PARQUE DO CASTRO. EXPTE. 8492/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 11/11/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 11 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

1.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e reposición do Parque do Castro (8492-446)

A Xunta de Goberno local na sesión do 21 de outubro de 2016 acordou clasificar en orde descendente as proposicións admitidas neste procedemento e requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALTHENIA, SL, para que presentase no prazo de dez días a documentación esixida no artigo 151.2 TRLCSP, así como o aboamento dos custos en concepto de anuncios de licitación. Este acordo foi notificado a ALTHENIA, SL o 25 de outubro de 2016. Transcorrido o prazo sen que ALTHENIA, SL presentase documentación ningunha, enténdese que retira a súa oferta, polo que, de conformidade co previsto no artigo 151.2 do TRLCSP, procede requirir a mesma documentación ao seguinte licitador na orde na que quedaron clasificadas as ofertas.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, AGRONERGA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Segundo.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.687,68 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1143).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE ESTACIÓNS DE TRABALLO DE SOBREMESA E PANTALLAS. EXPTE. 7854/113.

Dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 11/11/16, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 9 de novembro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

8.- Proposta de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de estacións de traballo de sobremesa e pantallas (7854-113) na seguinte orde descendente:

VALORACIÓN TOTAL			
Valoración	Técnica	Económica	Total
TELINCO			
Valoración	14,7	76,46	91,16
PAZ DISMAC			
Valoración	14,75	71,33	86,08
AEVIGO			
Valoración	16,25	67,86	84,11
SIVSA			
Valoración	15,5	64,89	80,39
HERBECON			
Valoración	17,3	59,49	76,79
PLEXUS			
Valoración	14,5	44,01	58,51
INFOSER			
Valoración	15,2	9,39	24,59
INFORHOUSE			
Valoración	15,5	7,80	23,30
TELEFONICA			
Valoración	15,5	7,51	23,01

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELINCO INFORMÁTICA, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 872,22 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1144).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO POR LIMONTA SPORT IBÉRICA S.L., NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE RENOVACIÓN DO CÉSPEDE ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. EXPTE. 15119/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 14/11/16, asinado pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, a xefa de dito Servizo e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC) (disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES DE FEITO

A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 14 de setembro de 2016, logo da cualificación da “Documentación persoal” (sobre A) dos licitadores presentados a esta licitación acordou outorgar un prazo de tres días hábiles a varios licitadores, entre eles a LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL para que puidesen emendar a documentación presentada. No caso da citada empresa, a súa declaración responsable, asinada por D. Serafín Domínguez Santomé “*en representación de la empresa LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL*”, non incluía o obxecto social, senón que no seu apartado 4 recollía textualmente:

“Que la mercantil Limonta Sport Ibérica, SL tiene un objeto social en el ámbito de actividad de este contrato que está comprendido inequívocamente en el objeto de este contrato, siendo el mismo Limonta Sport Ibérica SL, según consta en los estatutos de la empresa de fecha 29/07/1994, inscritos en el Registro Mercantil”.

Durante o prazo concedido, o 20 de setembro de 2016, LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL presenta a seguinte documentación:

- *Primeira copia da escritura de constitución da sociedade de responsabilidade limitada, otorgada por “Greenfloor, SL” ante a notaria de Madrid, D^a. María del Rosario Algora Wesolowski o 20 de xullo de 1994, que contén os estatutos polos que se rexe, cuxo artigo 2 establece “Constituye el objeto de la sociedad la comercialización de superficies sintéticas, primordialmente para uso deportivo, así como la importación y comercialización en el mercado español de toda clase de mercancías muebles, tanto en el sector deportivo como en cualesquiera otros y la representación y distribución en España y en el extranjero, de marcas, patentes y cualquier clase de derechos de la propiedad industrial o intelectual, en exclusiva o compartida con terceros sujetos”.*

A Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de setembro de 2016, acordou a exclusión de LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL polo seguinte motivo: *“A escritura que achegan para emendar a documentación persoal (faltaba o obxecto social) correspóndese coa dunha empresa distinta do licitador (Greenfloor, SL) e, así mesmo, o obxecto social que nela figura non se corresponde co do obxecto deste contrato”.* Este acordo foi notificado á recorrente o 29 de setembro de 2016.

O 17 de outubro de 2016, D. Serafín Rodríguez Santomé, actuando en nome e representación da empresa LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL (en adiante, a recorrente), interpón *“recurso de alzada contra el acuerdo de fecha 29 de septiembre de 2016, por medio del cual se excluyó de la presente licitación a mi representada”.* Xunto co recurso achega a seguinte documentación:

1. Escritura de elevación a públicos de determinados acordos sociais (cese e nomeamento de administrador único da sociedade) outorgada por LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL ante o notario de Granollers, D. José Poyatos Díaz, o 5 de agosto de 2014 co número 897 de protocolo.
2. Escritura de cambio de denominación social, cese de administrador, cambio de sistema de administración e nomeamento de conselleiros, outorgada por LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL ante o notario de Granollers, D. Javier Franch Valverde o 21 de febreiro de 2007, co número 436 do protocolo.
3. Escritura de ampliación de obxecto social outorgada ante o notario de Sabadell, D. José Antonio García Vila o 18 de xuño de 2004, co número 2.223 de protocolo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Segundo o escrito presentado pola recorrente, é obxecto deste recurso “*el acuerdo de fecha 29 de septiembre de 2016, por medio del cual se excluyó de la presente licitación a mi representada*”.

Cómpre indicar que o acordo de exclusión de LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL foi adoptado pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 28 de setembro de 2016, polo que se entende que o recurso se refire ao acordo desta data.

SEGUNDO.- O recurso de alzada é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra determinados actos de trámite cualificados (artigo 114 LRXPAC). É preciso, en primeiro lugar, analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión.

Respecto dos requisitos obxectivos, o recurso de alzada procede contra os actos de trámite sempre e cando concorra algún dos seguintes requisitos (artigo 107.1 LRXPAC):

- a) Se deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto.
- b) Determinan a imposibilidade de continuar o procedemento.
- c) Producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos.

O recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 desta Lei.

Os actos de exclusión determinan a imposibilidade de continuar no procedemento, polo que son actos de trámites cualificados susceptibles de recurso.

Neste caso, non concorre ningunha das causas de nulidade previstas no artigo 62 da LRXPAC, polo que hai que deducir que o recorrente impugna o acordo amparándose na suposta anulabilidade do acordo.

En canto aos requisitos subxectivos, dado que a lei non establece requisitos especiais para recorrer en alzada, hai que estar ás regras xerais en materia de lexitimación. Así, poderá recorrer en alzada calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polas actos obxecto de recurso (artigo 31 LRXPAC). En consecuencia, hai que recoñecer lexitimación á empresa recorrente por ser un licitador que participa neste procedemento.

Respecto dos requisitos formais, a lei determina que o recurso poderá interporse ante o órgano que ditou o acto que se impugna, ou ante o competente para resolvelo (artigo 114.2 LRXPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese o seguinte (artigo 110.1 LRXPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.
- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, sinatura do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale para os efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto os requisitos temporais, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de alzada dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 115 LRXPAC).

O acordo recorrido foi notificado o 29 de setembro de 2016, polo que o recurso foi presentado en prazo.

TERCEIRO.- Entrando xa no fondo do recurso, a recorrente manifesta no feito primeiro:

“Que el Concello de Vigo licitó la obra de referencia a la que se presentaron diversos licitadores, entre ellos mi representada, Limonta Sport Ibérica, S.L., presentando para ello entre otros los siguientes documentos:

- Escritura de constitución de la sociedad Green Floor, SL, actualmente denominada LIMONTA SPORT IBÉRICA, S.L. por cuanto se produjo, como veremos un cambio de denominación social*
- Escritura en la que viene reflejado el órgano de administración, en donde ya viene reflejada la nueva denominación social, LIMONTA SPORT IBÉRICA, S.L.*

Nota: Llamar la atención sobre que el CIF es el mismo en ambas denominaciones”

Respecto do manifestado pola recorrente, cómpre indicar que o contido do sobre A “documentación persoal” que LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL presenta a esta licitación, tal e como indica en folia independente e enunciado numericamente (como esixe o artigo 80 do RLCAP) é o seguinte:

“OFERTA PARA LICITAR LA CONTRATACIÓN DE LA OBRA DENOMINADA OBRAS DE RENOVACIÓN DEL CÉSPED ARTIFICIAL EN EL CAMPO DE FÚTBOL DE COMESAÑA. TM VIGO

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

1) Declaración responsable”

Nesa declaración responsable, apartado 4, consta “Que la mercantil Limonta Sport Ibérica, SL tiene un objeto social en el ámbito de actividad de este contrato que está comprendido inequívocamente en el objeto de este contrato, siendo el mismo Limonta Sport Ibérica SL, según consta en los estatutos de la empresa de fecha 29/07/1994, inscritos en el Registro Mercantil”.

Segundo o artigo 57 do TRLCSP *“as persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios”*. Para comprobar a capacidade das empresas para resultar adxudicatarias dos contratos, o Anexo II (declaración responsable) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación inclúe un punto no que o licitador debe indicar o seu obxecto social. Á vista de que este non se incluía na declaración presentada pola recorrente concedéuselle, por acordo da Mesa de Contratación do 14 de setembro de 2016, un prazo de tres días hábiles (artigo 81.2 do RLCAP), durante os cales a empresa puido presentar a documentación que considerase oportuna para achegar o dato do obxecto social.

Coa declaración responsable (única documentación presentada) a Mesa de Contratación non tiña constancia da escritura de constitución da sociedade Green Floor, SL nin da escritura na que vén reflectido o órgano de administración onde xa vén incluída a actual

denominación social, como así alega a recurrente, nin tampouco puido comprobar que o CIF de ambas empresas era o mesmo, porque sinxelamente non se achegou no sobre A esa documentación.

Durante o prazo concedido para a emenda da documentación, LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL presenta copia da escritura de constitución de "Greenfloor, SI, na que constan os estatutos polos que se rexe a sociedade, sen acompañala da escritura do cambio de denominación social.

Á vista da documentación presentada a Mesa de Contratación comprobou que a denominación social que consta na escritura non coincide coa do licitador e que o obxecto social que figura no artigo 2 dos estatutos (reproducido nos antecedentes de feito deste informe), é insuficiente para acreditar a capacidade da empresa para resultar adxudicataria deste contrato, por canto o apartado 2 do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares sinala como obxecto do contrato "a execución das obras do proxecto de "Renovación de céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña-Concello de Vigo", obxecto máis amplo que o que figura nos estatutos presentados.

É por estes motivos polos que acorda a exclusión de LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL da licitación. Motivos que a recurrente alega, no feito cuarto do seu escrito, que son diferentes a aquel polo que fora requirida a empresa para a emenda da documentación persoal. Se ben isto non é así, pois a Mesa de Contratación coa documentación presentada no sobre A non tiña constancia do cambio de denominación social. En consecuencia, non se produce indefensión, alegada pola recurrente "*al no haber podido subsanar las nuevas razones que ahora se esgrimen para excluir a ésta*".

A recurrente non emendou a documentación persoal no prazo concedido, en contra do que manifesta no feito quinto do seu escrito, posto que, co obxecto de emendar a falta do obxecto social na súa declaración responsable, non achegou a documentación necesaria para acreditar que o seu obxecto social é suficiente para a execución deste contrato.

Argumenta no feito sexto do seu escrito: "*antes del requerimiento que el Ayuntamiento efectuó a mi representada, es decir desde la presentación de la documentación administrativa requerida por el Ayuntamiento para poder licitar; éste pudo observar que en la escritura de constitución de la sociedad aparecía reflejada una denominación social -Green Floor, S.L.- y en la de los poderes del órgano de administración venía plasmada otra -LIMONTA SPORT IBÉRICA, S.L.- si bien, insistimos, el CIF es el mismo. Pese a ello, en momento alguno requirió a mi representada para que subsanase esa falta de coincidencia en la denominación social, siendo el único motivo del requerimiento, "la falta del objeto social"*";

Insistir respecto do anterior que a Mesa de Contratación non puido requirirle á empresa a emenda da falta de coincidencia da denominación social porque á vista da documentación presentada no sobre A (unicamente unha declaración responsable) non se deducía tal circunstancia.

Por outra banda, no feito sétimo do seu escrito, a recurrente manifesta o seu desacordo coa exclusión, concretamente, por non corresponderse o obxecto social da empresa co do contrato. Reproduce o obxecto social de Greenfloor, SL e indica "*Posteriormente por medio de escritura de ampliación de objeto social de 18 de junio de 2004 – que se acompaña como documento número 3 – se amplió este objeto social, siendo desde entonces el siguiente:*

a) La comercialización de superficies sintéticas, primordialmente para uso deportivo... así como la construcción de todo tipo de obras y sus mantenimientos”.

Considera a recorrente que o obxecto social da empresa “es el adecuado para poder afrontar con totales garantías de éxito la licitación de la que injustificadamente ha sido excluida y ello por cuanto el que viene recogido en su escritura de constitución “la comercialización de superficies sintéticas, primordialmente para uso deportivo” unido al que se añadió en la referida escritura de ampliación “la construcción de todo tipo de obras y sus mantenimientos” no tiene otra cabida más que la señalada (...)”

Non se discute neste informe que o obxecto social da recorrente na actualidade sexa ou non suficiente para a execución deste contrato, senón que a interposición do recurso non é o momento para acreditar esta circunstancia. A documentación que a recorrente achega co escrito de interposición do recurso (escrituras de ampliación do obxecto social de Green Floor, SL e de cambio de denominación social (para a actual denominación LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL) debía terse presentado no prazo concedido para a emenda da documentación persoal e non en fase de recurso (artigo 112.1 da LRXPAC “*Non se terán en conta na resolución dos recursos, feitos, documentos ou alegacións do recorrente, cando podendo achegalos no trámite de alegacións non o teñan feito*”). O artigo 81.2 RLCAP regula un prazo para a emenda dos defectos ou omisións emendables na documentación presentada polos licitadores, prazo que foi concedido por igual a outros licitadores neste procedemento e coa duración prevista regulamentariamente, co obxecto de garantir o cumprimento dos principios contractuais de non discriminación e igualdade de trato dos licitadores previstos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP. Non se pode argumentar, pois, indefensión ningunha.

En base ao anterior, e atendendo á solicitude da recorrente de ter por presentada a documentación que achega ao escrito de interposición, infórmase que non se pode aceptar a presentación desa documentación neste momento procedimental.

A recorrente interpón o recurso cun dobre obxectivo como fai constar no seu escrito: a exclusión da licitación, como xa se abordou ata agora, pero tamén “*Para que en otras licitaciones similares a la presente, que ya han sido publicadas por el Excmo. Ayuntamiento de Vigo y a las que ya se haya presentado mi representada, estando a fecha de hoy pendientes de adjudicación; LIMONTA SPORT IBÉRICA, SL no sea excluida por los mismos motivos que la presente*”.

Respecto desta cuestión o Servizo de Contratación ten constancia de que esta empresa participou na licitación das obras de instalación de céspede artificial no campo de fútbol Monte da Mina - Castrelos (expte. 15.121-333) na que tamén resultou excluída e polos mesmos motivos. O acordo de exclusión foille notificado o 22 de setembro de 2016 e, polo tanto, con carácter previo á interposición deste recurso. Non procedendo a estimación das pretensións da recorrente no expediente obxecto deste informe (15.119-333), tampouco procede no 15.121-333, xa que en ambos concorren as mesmas circunstancias.

Á vista do exposto, procede desestimar as alegacións formuladas pola recorrente no recurso obxecto deste informe.

CUARTO.- Respecto da solicitude formulada pola recorrente de suspensión da execución do acordo impugnado, non se aprecia a concorrencia das circunstancias previstas legalmente (artigo 111 da LRXPAC).

QUINTO.- A resolución do recurso deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa inadmisión (artigo 113.1 LRXPAC). O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 113.3 LRXPAC).

SEXTO.- O órgano competente para a resolución do recurso de alzada é o superior xerárquico do órgano que tivese ditado o acto recorrido (artigo 114.1 LRXPAC), neste caso, a Xunta de Goberno local.

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

"1.- Admitir o recurso de alzada interposto por D. Serafín Domínguez Santomé, en representación da empresa LIMONTA SPORT IBÉRICA, SLU, no escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 17 de outubro de 2016, no procedemento aberto para a contratación das obras e renovación do céspede artificial do campo de fútbol de Comesaña (expediente 15119-333).

2.- Desestimar o recurso de alzada interposto por D. Serafín Domínguez Santomé, en representación da empresa LIMONTA SPORT IBÉRICA, SLU así como a solicitude de suspensión da execución do acordo impugnado, polas razóns expostas no fundamento xurídico cuarto deste informe.

3.- Notificar esta resolución á recorrente.

4.- Contra a resolución deste recurso procederá a interposición de recurso contencioso-administrativo conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (artigo 49 TRLCSP)".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1145).- SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO VALLADARES PARA A REFORMA DO ALUMEADO NO CAMPO DE FÚTBOL DA GÁNDARA-VALLADARES. EXPTE. 15340/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 27/10/16 e o informe de fiscalización do 10/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 14/11/16, asinado polo coordinador deportivo, o concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 15340/333 sobre as proposta de subvención a favor da entidade deportiva Club Deportivo Valladares para a reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, e tendo en conta o informe de fiscalización emitido pola Intervención do Concello de Vigo de data 10 de novembro de 2016, procede informar, sobre as consideracións detalladas no dito informe, atendendo ás observacións realizadas no mesmo e que a continuación se detallan:

- Procedeuse á modificación da data límite para a presentación da xustificación da subvención, adaptándoa ás normas de peche de exercicio económico do Concello de Vigo para o ano 2016.
- Incorporouse a sinatura do Concelleiro de Orzamentos e Facenda no Informe-Proposta.
- Informouse á entidade beneficiaria a obriga que ten de solicitar a súa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente.

Por todo o exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo ás observacións detalladas:

I.- Antecedentes:

O Pleno do Exmo. Concello de Vigo, na sesión celebrada o día 30 de xuño de 1981, acordou recoñecer ao Club Deportivo Valladares como posuidor da finca de 9.574 metros cadrados, dedicada a campo deportivo, que limita ao Norte co camiño que a separa da de Lidia Glez. e Hro. de Cándido Costas; Sur, Amadeo Costas e outro; Oeste, camiño veciñal; Este, Camiño de servizo.

Dito campo deportivo atópase en uso, dende a súa inauguración, polo Club de fútbol "Club Deportivo Valladares", como único usuario desta instalación e que desenvolve un importante proxecto deportivo de longa traxectoria vinculado co fútbol.

Con data 22/07/16 o club de fútbol "Club Deportivo Valladares", presentou no rexistro xeral do Concello, solicitude dunha subvención para poder afrontar directamente o proxecto de reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, do cal é titular. A documentación presentada conta cun proxecto de subministro e instalación de 4 postes de iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, redactado por Alejandro Morales Rodríguez, colexiado 1.928 I.C.O.I.IG (Espiral Soluciones de Ingeniería SL-B27722537 e que alcanza un orzamento IVE incluído de 63.191,66€.

O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 9 de decembro de 2015, recolle dentro do programa 3420 "INSTALACIONES DEPORTIVAS" a aplicación orzamentaria 3420.780.00.00 "Subv Mellora Alumeado C. Futbol Valadares" cun importe de 50.000,00 €.

Na actualidade, o proxecto deportivo e social que impulsa o Club Deportivo Valladares, histórica entidade da cidade, atópase moi arraigado e identificado coa parroquia de Valladares na que desenvolve a súa actividade. O club, entidade deportiva sen ánimo de lucro e que ven desenvolvendo o seu programa de dinamización de actividades deportivas no Campo de fútbol da Gándara-Valladares, instalación de referencia dos e das deportistas e achegados da entidade desde a súa inauguración.

Por outra banda, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, está a impulsar proxectos de dinamización deportiva, que potencien as posibilidades para o acceso á práctica deportiva á poboación en xeral da cidade. Neste ámbito, destácase a gran importancia que teñen os clubs como dinamizadores do sistema deportivo nun municipio, os cales promoven sinerxías moi importantes para dinamizar actividades deportivas. Por este motivo, dende a Concellería de deportes do Concello de Vigo considerase adecuado colaborar na reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, colaborando co Club Deportivo Valladares, entidade propietaria da instalación.

O desenvolvemento da proposta de convenio de subvención fundaméntase na propia actividade do Club Deportivo Valladares, o cal ven desenvolvendo un proxecto deportivo de gran arraigo na cidade de Vigo, que inclúe tanto a dinamización do deporte amater en categoría sénior, como o desenvolvemento dun programa de dinamización e fomento do fútbol base, a través da dinamización dunha escola de fútbol na parroquia de Valladares que acolle fundamentalmente a nenos e nenas do entorno próximo.

Esta relación de colaboración fundaméntase basicamente na relevancia que para a cidade de Vigo supón o desenvolvemento do proxecto deportivo do Club Deportivo Valladares, entidade sen ánimo de lucro que presta un servizo ó deporte nesta cidade, e representa dende hai moitos anos, unha importante actividade deportiva da poboación vinculada á parroquia de Valadares.

En base a todos os aspectos expostos, o obxecto do presente expediente, busca establecer unha colaboración entre o CONCELLO DE VIGO e o Club Deportivo Valladares para subvencionar a reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares que mellore as condicións de práctica deportiva, en base á relación de complementariedade das actuacións de ambas as dúas entidades sobre a promoción deportiva, o cal constitúe unha importante ferramenta de traballo para o desenvolvemento de calquera programa de dinamización e actuación no sistema deportivo na cidade de Vigo.

En base ás precedentes consideracións e tendo en conta que a subvención proposta figura nominalmente no orzamento vixente do Concello de Vigo, o convenio para a adxudicación da subvención considérase o instrumento idóneo para formalizar a proposta do obxecto deste expediente. Para a o desenvolvemento do mesmo non resulta posible nin recomendable promover a concorrencia, pola especificidade e a condición referencial da entidade deportiva, a cal ven de solicitar o Concello de Vigo unha subvención para afrontar directamente a reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares no ámbito da ubicación desta instalación, desenvolta nos antecedentes desta memoria.

En relación a esta actuación de colaboración para subvencionar as obras de reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, atopámonos que a entidade Club Deportivo Valladares, CIF-G. 36629657, é a entidade propietaria do terreo no que está ubicado o campo de fútbol obxecto deste expediente de subvención, tal como acredita. Así mesmo, segundo a documentación que se adxunta, a actividade deportiva atópase entre os usos obxecto dos terreos.

A actividade do Club Deportivo Valladares supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación dun importante volume de xóvenes deportistas da cidade en gran cantidade de actividades deportivas.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxias no eido do deporte, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no eido do deporte.*
- A procura dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara aos valores do deporte.*
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.*

O Concello de Vigo, considera que o convenio de colaboración, deberá regularizar ademais a colaboración municipal a través da súa propia responsabilidade sobre as actuacións vinculadas co desenvolvemento das actividades deportivas na instalación, que inclúen basicamente os relacionados cos consumos enerxéticos básicos.

Neste sentido, a Concellería de Deportes entende que é oportuno regular no marco desta actuación pautas de coordinación que mellore a eficiencia desta nova instalación eléctrica, sempre baixo a co-responsabilidade conxunta das dúas entidades. Así, propónse desenvolver un estudo de eficiencia enerxética en relación ós consumos eléctricos, co obxectivo de garantir un desenvolvemento deportivo racional e eficiente, que permita establecer o umbral máximo para o consumo de enerxía eléctrica, en base ós elementos técnicos da instalación directamente relacionados coas necesidades para o desenvolvemento do programa de dinamización deportivo que no seu caso presente a entidade deportiva. Este programa de dinamización permitirá establecer un control efectivo, co obxectivo de optimizar e minorar os gastos derivados.

Por outra banda, e baixo o principio de facilitar as pautas de autoxestión propia no ámbito da instalacións do Campo de Fútbol da Gándara, o Club Deportivo Valladares, conta con todos os medios materiais e organizativos suficientes, garantindo que a través da súa facultade de dirección, e das súas potestades organizativas poda levar a cabo o correcto desenvolvemento das actuacións obxecto desta proposta.

O desenvolvemento da proposta busca mellorar a eficiencia da xestión desta instalación deportiva, contribuíndo á realización de actividades de utilidade pública como son as relacionadas coa promoción e difusión da practica deportiva de base, mellorando as condicións de uso da instalación deportiva obxecto deste expediente:

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que interesa á presente proposta en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 4.d) do texto refundido do TRLCSP, regula como excluídos do ámbito subxectivo do TRLCSP, os convenios que, con arranxo as normas específicas que os regulan, celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non se atope comprendido nos dos contratos regulados nesta Lei o en normas administrativas especiais

Será aplicable para esta subvención, a lexislación que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se

regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

O contido da presente proposta de subvención regula os seguintes aspectos; a competencia na que se fundamenta a actuación do Concello de Vigo, o obxecto da subvención e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, as obrigacións e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das partes, os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do obxecto da subvención, polo cal as cláusulas xerais da proposta desenvolven os seguintes apartados que garanten o cumprimento equilibrado do obxectivo xeral do presente expediente, garantindo a viabilidade e crecemento da actividade deportiva en Vigo.

Aspectos básicos da proposta:

1.- Búscase a colaboración coa entidade Club Deportivo Valladares, a través do financiamento do proxecto de reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, o que contribuirá na dinamización e mellora da oferta deportiva na parroquia de Valladares, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O Concello de Vigo, ademais, e co obxecto de colaborar co desenvolvemento do proxecto deportivo da entidade no campo de fútbol da Gándara-Valladares, asumirá os custes do subministro de enerxía eléctrica, e para mellorar e optimizar os niveis de consumos da enerxía eléctrica a entidade deportiva colaborará co Concello de Vigo no desenvolvemento dun protocolo de control de eficiencia enerxética da instalación para garantir unha utilización racional dos sistemas eléctricos vinculados a instalación.

2.- A entidade “Club Deportiva Valladares”, responsabilizarase mediante a súa estrutura de desenvolver un proxecto deportivo de interese xeral para a cidade de Vigo e de forma especial para a parroquia de Valladares.

3.- A entidade colaboradora “Club Deportivo Valladares”, responsabilizarase e garantirá a correcta execución das actuacións necesarias para a execución do proxecto de reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, do cal e titular.

4.- A entidade “Club Deportivo Valladares”, traballará conxuntamente co Concello de Vigo na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara o ensino e

iniciación deportiva e participará cos deportistas da entidade nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5.- En toda a información e publicidade vinculada a execución desta actuación, figurará a imaxe institucional do Concello de Vigo.

III.- OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA PRESENTE PROPOSTA O CONCELLO DE VIGO:

En relación o obxecto desta subvención, contempla un gasto económico directo de 50.000,00 €, vinculado directamente á obra de reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, a maiores dos gastos derivados dos consumos eléctricos da instalación, tal como recolle na aplicación orzamentaria vixentes no orzamento do ano 2016:

3410.221.00.00 ENERXÍA ELÉCTRICA.

En relación ó crédito desta partida orzamentaria indicar, que o gasto de enerxía eléctrica se atopa incluída dentro do actual contrato de subministro de enerxía eléctrica adxudicado polo Concello de Vigo, e o desenvolvemento desta proposta, ten como obxectivo extender a estratexia municipal que está a implantar criterios de aforro e de eficiencia enerxética, encamiñados a uno novo modelo que ten como finalidade a optimización enerxética. Así, os gastos do consumo eléctrico incorporado xa na actualidade ao contrato de subministro de enerxía eléctrica do Concello de Vigo vixente en cada momento, deberá verse axustado nun proceso de mellora .

IV.- COMPETENCIA E REPRESENTACIÓN LEGAL:

O "Club Deportivo Valladares", presenta para a aprobación desta proposta as certificacións de que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria, o Concello de Vigo. Así mesmo, presenta certificación do Secretario da Entidade no que consta a competencia de representación legal da entidade.

V.- PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, terá unha vixencia de catro anos, dende a súa sinatura e poderá renovarse por períodos anuais a proposta da Concellería de Deportes, previo acordo da Xunta de Goberno Local, ata un máximo doutros catro anos.

VI.- PROCEDIMENTO E COMPETENCIA

Consta no expediente de aprobación da proposta de subvención os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, informe técnico, memoria da proposta e texto da mesma e informe xurídico.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación da proposta de subvención.

O art. 8.1. letra "b" da Lei de transparencia obriga a dar publicidade da proposta que se aprobe.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados coa reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, ademais de incluír o consumo de enerxía eléctrica da instalación no ámbito do actual contrato de subministro de enerxía eléctrica adxudicado polo Concello de Vigo.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

O Club Deportivo Valladares presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e o destino previsto para a subvención solicitada.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte do Club Deportivo Valladares das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A beneficiaria, presentou o proxecto que xustifica o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención. Tras a aprobación da presente proposta, a beneficiaria deberá presentar os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte:

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DEPORTIVA CLUB DEPORTIVO VALLADARES PARA A REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN PARA A SUSTITUCIÓN DA ILUMINACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DA GÁNDARA-VALLADARES, transcrito no Anexo da presente proposta.

Segundo.- Autorizar e dispoñer o gasto de 50.000,00 € para afrontar a reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, a favor da entidade Club Deportivo Valladares co CIF: G-36629657, con enderezo social na Rúa Garrida Valladares, 36215. Este crédito é con cargo á partida 3420.780.00.00 "Subv. Mellora Alumeado C. Fútbol Valadares".

Segundo.- Proceder á publicación do presente convenio ós efectos de dar cumprimento as normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADES DEPORTIVA CLUB DEPORTIVO VALLADARES PARA A APROBACIÓN DA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE DEPORTIVA CLUB DEPORTIVO VALLADARES PARA A REFORMA DA INSTALACIÓN ELÉCTRICA EN BAIXA TENSIÓN E A SUBSTITUCIÓN DA ILUMINACIÓN NO CAMPO DE FÚTBOL DA GÁNDARA-VALLADARES.

En Vigo, a _____ de _____ de 2016

REUNIDOS

Dunha parte: D. _____, _____, en nome e representación do goberno de Concello de Vigo, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 124.4 apartados a) y ñ) de la Lei 7/1985 de Bases de Réximen Local.

Doutra parte: D. _____ como Presidente da Entidade _____, CIF _____ e domicilio social _____

Ambas partes declaran, e se recoñecen mutuamente, a capacidade legal suficiente para a sinatura do presente Convenio, e ao efecto

EXPOÑEN

Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, ten entre os seus obxectivos a promoción e dinamización deportiva en todos os ámbitos e de forma específica en relación á modalidade de fútbol a través da rede de campos de fútbol ubicados no termo municipal de Vigo.

Que a entidade deportiva Club Deportivo Valladares, é unha entidade deportiva da cidade de Vigo e ten entre os seus fins o desenvolvemento de actividades deportivas relacionadas coa modalidade de fútbol, e para o cal, desenvolve actuacións de promoción e dinamización do deporte en relación o seu ámbito de actuación e fundamentalmente ten o seu desenvolvemento social no ámbito do campo de fútbol da Gándara Valladares.

Que esta entidade deportiva está interesada en colaborar co Concello de Vigo na coordinación de traballos co obxectivo de unificar as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva de fútbol no campo de fútbol da Gándara Valladares.

Que de forma xenérica, o obxecto principal do presente convenio é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados coa reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, ademais de incluír o consumo de enerxía eléctrica da instalación no ámbito do actual contrato de subministro de enerxía eléctrica adxudicado polo Concello de Vigo.

O artigo 25. 2. l) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), atribúe ás Administracións municipais competencia propia, no que interesa ao presente convenio en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

Que todos estes aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración coa entidade Club Deportivo Valladares, establecendo un marco de relación que permita complementar a actuación deportiva, unificando esforzos na promoción deportiva do fútbol na cidade de Vigo, polo que dito obxecto regulado polo seguinte convenio, atópase incluído no establecido no artigo 4.d) do RD 3/2011, polo que se aproba o TRLCSP.

Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins propostos, se propón o presente convenio de colaboración, que define as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica especifícase nas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira: O obxecto do presente convenio é coadxuvar no financiamento dos gastos vinculados coa reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares, que inclúa paralelamente a asunción por parte do Concello de Vigo dos gastos vinculados co consumo de enerxía eléctrica da instalación no ámbito do actual contrato de subministro de enerxía eléctrica adxudicado polo Concello de Vigo, en base á execución dun programa de dinamización da actividade deportiva de fútbol na devandita instalación. Dito programa de dinamización deportiva susténtase na vontade de fomentar a participación deportiva, adecuando en relación á citada instalación deportiva de acordo coas peculiaridades da mesma.

O prazo do convenio, terá unha vixencia de catro anos, dende a súa sinatura e poderá renovarse por períodos anuais a proposta da Concellería de Deportes, previo acordo da Xunta de Goberno Local, ata un máximo doutros catro anos.

Segunda: A lexislación aplicable, para esta subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que

regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que “Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Terceira: A entidade deportiva Club Deportivo Valladares, á sinatura do presente convenio, certificará debidamente que se atopa ó corrente do pagamento coas obrigas tributarias da Seguridade Social, a Axencia Tributaria e o Concello de Vigo. Así mesmo, presentará os estatutos da entidade nos que consten quen ostenta a representación legal da mesma e ten capacidade para asinar o presente convenio.

Cuarta: A entidade Club Deportivo Valladares colaborará coa Concellería de deportes do Concello de Vigo no desenvolvemento da dinamización deportiva na instalación mencionada na cláusula primeira, a través dos seguintes compromisos:

Desenvolvemento dun programa de dinamización deportiva na instalación, e que debe responder a:

- Xerar ofertas que se correspondan coas demandas do seu entorno social a través da potenciación da actividade deportiva do fútbol.*
- Fomentar e colaborar nas actividades e programas deportivos que se acorden co propio Concello de Vigo.*

Quinta: Obrigas para a entidade deportiva en relación ó obxecto do presente convenio:

- A entidade deportiva, será a responsable da execución e seguimentos das súas actividades deportivas, para o cal deberán ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio, tanto en relación cos usuarios como en relación coa propia instalación deportiva. Ademais deberá cumprir con todos os requisitos de seguridade obrigatorios por normas de aplicación sectoriais da actividade que se desenvolva.*
- Para mellorar e optimizar os niveis de consumos da enerxía eléctrica a entidade deportiva colaborará co Concello de Vigo no desenvolvemento dun protocolo de control de eficiencia enerxética da instalación para garantir unha utilización deportiva racional dos sistemas eléctricos vinculados á instalación, de acordo coa estipulado na cláusula 6.b.*
- En toda a información e publicidade das actividades deportivas vinculadas a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, da Concellería de Deportes como entidade colaboradora. Así mesmo todos os medios de promoción e difusión deberán empregar o galego.*
- A entidade deportiva que asina o presente convenio comprométese a confeccionar unha memoria anual en relación ó desenvolvemento das actividades deportivas, a cal deberán contemplar:*
 - Descrición das actividades realizadas.*
 - Nº de participantes.*
 - Valoración da actividade*
 - Outros puntos que sexan considerados de interese.*

Desta memoria anual deberase dar conta á Concellería de Deportes

Sexta: A Concellería de deportes do Concello de Vigo comprométese a:

a. Conceder ó Club Deportivo Valladares unha subvención polo importe de 50.000,00€, en concepto de “reforma da instalación eléctrica en baixa tensión e a substitución da iluminación no campo de fútbol da Gándara-Valladares”. Este crédito é con cargo á partida 3420.780.00.00 “Subv Mellora Alumeado C. Futbol Valladares” do vixente orzamento. Para o procedemento de xustificación e pago do importe da subvención, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

b. O Concello de Vigo desenvolverá dentro do prazo máximo de tres meses dende a sinatura do convenio un estudo de eficiencia enerxética en relación os consumos eléctricos co obxectivo de garantir unha utilización deportiva racional e eficiente.

O estudo de eficiencia enerxética establecerá un umbral máximo para o consumo de enerxía eléctrica en base os elementos eléctricos da instalación directamente relacionados co desenvolvemento do programa de dinamización deportiva presentado pola entidade. Deste estudo e de acordo cunha estimación máxima dos horarios de funcionamento operativo da instalación será calculado un umbral do consumo en función da utilización deportiva, que será entregado á entidade deportiva co obxecto de que a mesma poda facer un control dos mesmos co obxectivo de optimizar e minorizar os consumos.

O Concello de Vigo asume o pago dos importes derivados dos consumos de enerxía eléctrica da instalación ata o umbral máximo establecido. No caso de superar o mesmo a entidade deportiva deberá asumir os custos derivados dos consumos superiores nun 5% dos máximos establecidos, para o cal procederá a emitir un informe trimestral dos consumos, e se procede, dende a Concellería de Deportes iniciarase o expediente conducente ao reintegro das cantidades a favor do Concello de Vigo.

c. O Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes nomeará entre o seu persoal técnico un responsable do convenio para que xunto coa entidade deportiva, desenvolva as responsabilidades de seguimento, control, avaliación e revisión do presente convenio, prestando a súa colaboración e asesoramento técnico nas actividades derivadas do presente convenio.

Sétima: A Concellería de deportes do Concello de Vigo, a través do seu persoal técnico resérvase a facultade de controlar a boa utilización das instalacións, así como de emitir informes sobre o debido cumprimento das obrigas contraídas en materia de control do consumo de enerxía eléctrica na instalación. Neste sentido estableceranse cantas reunións sexan oportunas para o correcto funcionamento deste convenio.

Oitava: O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio pode ser denunciada polas partes, quedando facultado o Concelleiro Delegado de Deportes do Concello de Vigo para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

Novena: Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados.

Se o custe total da obra subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da obra subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Décima: O Club Deportivo Valladares non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 15340-333.

Décimo primeira: A beneficiaria terá a obriga de presentar a documentación para a xustificación da subvención, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata tres meses da mesma, e en calquera caso antes do 09 de decembro do 2016.

A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha conta xustificativa conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.*
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.*
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá*

substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

• Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- 1. Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.*
- 2. Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante impútase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- 3. En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

Décimo segunda: As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo terceira: Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo cuarta: A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

Décimo quinta: En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG. Atendendo a que

a finalidade da subvención está referida á execución dunha obra, a beneficiaria está autorizada á subscripción da subcontratación da obra obxecto deste convenio para o cal deberá solicitar como mínimo 3 ofertas, xustificando a elección da oferta aceptada, e formalizará o contrato que se subscriba por escrito.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas cos criterios establecidos no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia

Décimo sexta: A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da obra subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes do Concello de Vigo na propia instalación, a través de cartelería elaborada ao efecto.

Décimo sétima: A realización da obra subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo oitava: A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Así, de conformidade con canto antecede e no exercicio das facultades de que son titulares cada un dos asinantes, subscriben este Convenio por triplicado.

8(1146).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA A “AXUDA Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2016”. EXPTE. 12763/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 8/11/16, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro delegado de dito Servizo e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 13.05.2016, acordou o outorgamento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2016 (Expte. 12763/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	PROGRAMA SOLICITADO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
13083/77	HELGA RIVERA, SL	B36835023	CONTRATAciónS	5.000,00€

As Bases reguladoras e convocatoria do ano 2016 do programa de Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa, no expediente 12763/77, establece na Base 5ª “Perda do dereito ao cobro, renuncia,...”, no apartado b) “O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación”.

- Helga Rivera, SL (expte. 13083/77)

Con data do 19.10.2016 e núm. de rexistro 160139594 Helga Rivera Grela co DNI 32629862S como titular da empresa Helga Rivera, SL (expte. 13083/77) presentou renuncia voluntaria á axuda concedida pola baixa da traballadora pola que se lle concedeu a axuda na empresa con data do 30.09.2016.

A Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece o seguinte:

–Artigo 84, establece que *“Pondrán fin al procedimiento la resolución, el desistimiento, la renuncia al derecho en que se funde la solicitud, cuando tal renuncia no esté prohibida por el ordenamiento jurídico, y la declaración de caducidad.”*;

–Artigo 94.1 *“Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos.”*

–Artigo 94.3 *“ Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia, siempre que incorpore las firmas que correspondan de acuerdo con lo previsto en la normativa aplicable.”*

–Artigo 94.4. *“La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluido el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento o renuncia”.*

Na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establécese:

- Artigo 90. *“Todo interesado podrá desistir de su solicitud o, cuando ello no esté prohibido por el Ordenamiento Jurídico, renunciar a sus derechos. “;*
- Artigo 91.1 *“Tanto el desistimiento como la renuncia podrán hacerse por cualquier medio que permita su constancia”.*
- Artigo 91.2 *“La Administración aceptará de plano el desistimiento o la renuncia, y declarará concluido el procedimiento salvo que, habiéndose personado en el mismo terceros interesados, instasen éstos su continuación en el plazo de diez días desde que fueron notificados del desistimiento.”*

Deste xeito, procede aceptar a renuncia presentada e declarar concluido este procedemento.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia expresa e declarar concluídos os procedementos iniciados, de solicitude de subvención da axuda á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa do ano 2016, da empresa Helga Rivera, SL, co NIF B36835023, por renuncia expresa presentada por Rexistro Xeral o 19.10.2016 co número de documento 160139594 (expediente 13083/77).

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado en resposta á renuncia presentada.

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2

meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1147).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS/DÚAS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, POR UN MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 28831/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14/11/16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Técnico adscrito ao Servizo de Educación, coa conformidade tanto da Xefatura do Servizo como da concelleira-delegada da Área de Educación, a través de escrito de data 19 de setembro de 2016, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de quince vixiantes de instalacións municipais pola escaseza de RR.HH existentes no Servizo para cubrir os servizos nos distintos colexios públicos municipais, que garantan o cumprimento da obriga municipal para cos colexios públicos (vixilancia, conservación e mantemento), pola evidente falta de medios humanos cos que conta o Servizo, agravado polas baixas de enfermidade e permisos oficiais, as recentes xubilacións de empregados municipais e, as baixas por xubilación forzosa de dous porteiros-vixiantes adscritos ao Servizo.

O Servizo Municipal de Educación debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación. En concreto, o mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia é responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2), reformada pola Lei 27/2013 de de de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Isto supón ter que atender e dar resposta urxente dende a Unidade Técnica do Servizo de Educación (UTSE) ás innumerables necesidades que teñen os máis de 50 centros escolares que supoñen máis de 175.000 m² de superficie edificada e máis de 300.000 m² de superficie de terreos que acollen a preto de 10.000 alumnos/as.

En resposta a dita petición, o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 27 de outubro de 2016, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous/dúas oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se

aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación nos termos da solicitude do responsable do Servizo de data 19 de setembro do presente ano 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 14/11/2016, polo técnico que subscribe, fórmulase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-Oficial instalacións municipais), adscritos, entre outros, ao Servizo de Educación, cód. 332, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de petición tanto do técnico asinante como da Xefa do Servizo de Educación, que así mesmo conta coa conformidade da Concelleira-delegada da Área, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 27/10/2016 e no informe do funcionario informante, resulta acreditada a urxencia dos nomeamentos propostos, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 48/2015, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2016 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

Trátase polo tanto dun servizo público esencial, xa que a prestación do servizo de mantemento, conservación, reparación e vixilancia dos Centros Educativos Públicos de Infantil e Primaria de Vigo, é competencia e responsabilidade do Concello, segundo se recolle na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25, parágrafo 2, letra n), polo que este debe asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente reconece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento no ámbito da Educación, polo que infórmanse favorablemente aos devanditos nomeamentos, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis,

aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses, de dous oficiais de instalacións municipais para o Servizo de Vigo Zoo, supón un gasto de 22.232,28€, (dos que 5.558,07€ corresponden ao presente exercicio 2016 e, 16.674,21€ ao vindeiro exercicio 2017) e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 8.403,84€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertencen as vacantes (posto Cód. 300-Oficial Instalacións Municipais), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento para o ano 2016, dentro do Capítulo I de gastos.

IV. Verificación das listas de reserva:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, neste intre, a lista de axudantes de oficios derivada da execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2008 atópase esgotada, ben por que os/as aspirantes que aínda permanecen na lista atópanse prestando servizos neste Concello ou non cumpren o período mínimo de seis meses dende o remate do seu último nomeamento neste Concello tal e como establece o art. 10.1.d) do do Real Decreto Lexislativo 5/2005, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e, non existindo bolsa de emprego específica coa categoría de oficial de instalacións municipais e, debido a urxencia que require a prestación deste servizo, procede recorrer a lista resultante da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016 derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo

Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220, pola similitude de funcións de mantemento existentes entre ámbolos dous postos de traballo de oficial de oficios.

Nas bases xerais do referido proceso selectivo da Bolsa de Emprego de oficiais sepultureiros/as, acordouse expresamente que “os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e, terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira convocatoria de Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos”.

Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/das 46 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do TREBEP, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria, pasan a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser nomeados/as ou contratado/a/s como persoal interino ou laboral.

Aos efectos de poder efectuar a proposta, seguindo estritamente a orde da Bolsa de Emprego a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que obran nesta Área, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como corresponde o nomeamento como oficiais de instalacións municipais por acumulación de tarefas, dos aspirantes da lista a que se refire o anterior parágrafo, núms., 34-COSTAS COSTAS, M^a. MERCEDES, DNI 36.062.734-E e, 42-ARGIBAY GARCÍA, JUAN FRANCISCO, DNI 36.016.562-B que aceptaron expresamente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta Sra. Costas nunca prestou servizos neste concello e o Sr. Argibay García Campos tivo dous contratos laborais de carácter temporal por obra ou servizo determinado dentro dos programas de emprego correspondentes ao convenio Xunta-Inem, un deles do 01/08/2001 ao 31/01/2002 como Peón e outro do 08/08/2005 ao 07/02/2006 como Oficial de Mantemento, polo que están en condicións de ser nomeados.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous/dúas funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Oficiais de Instalacións Municipais, subgrupo C2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Vigo Zoo e, en consecuencia, autorizar o gasto por 22.232,28€, (dos que 5.558,07€ corresponden ao presente exercicio 2016 e, 16.674,21€ ao vindeiro exercicio 2017), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios interinos por acumulación de tarefas como Oficiais de Instalacións Municipais, por un período máximo de seis meses, á D^a. M^a. MERCEDES COSTAS COSTAS, DNI 36.062.734-E e, D. JUAN FRANCISCO ARGIBAY GARCÍA, DNI 36.016.562-B, na súa condición de seguintes aspirantes na lista de oficios resultante da Bolsa de Emprego de oficios de oficios-sepultureiros/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08/07/2016, derivada do proceso selectivo autorizado polo mesmo Órgano na súa sesión de 01/04/2016, expte. 27424/220, e no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo). Con carácter previo á toma de posesión, deberase achegar a certificación negativa do Rexistro de Delinquentes Sexuais, acreditativa de non ter sido condenado por sentenza firme por ningún delito aos que se refire o artigo 13.5 da LO 1/1996, contra a liberdade e indemnidade sexuais, ao tratarse dun posto de traballo que implica un contacto habitual con menores.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 300-Oficial de Instalacións Municipais, sendo adscritos ao Servizo de Educación (cód. 332), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos funcionarios interinos nomeados desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, a Xefa do Servizo de Educación, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1148).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE ENXEÑEIROS/AS TÉCNICOS/AS EN TOPOGRAFÍA 2016 POR IMPORTE DE 1533,84 EUROS. EXPTE. 28862/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 4/11/16, asinado pola técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 11/12/2015, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Enxeñeiros/as Técnicos/as en Topografía. Ditas bases reitoras foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27061/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

Rematado o proceso selectivo, o Secretario do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 1533,84 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunaís, segundo relación seguinte:

D. Agustín Rodríguez Carballo, presidente titular (nº persoal 77170), con DNI nº 35981050-B, cinco asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 229,45 €.

D. José Rodríguez García, con DNI nº 33.205.043-N, secretario titular, con domicilio en Cño. Toxales, nº 23, Nigrán, cinco asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 229,45 €, a aboar no número IBAN ES2820800052220040004509.

D. Aurelio Adán Fernández, vogal do órgano de selección (nº persoal 22438), con DNI nº 34.606.158-J, cinco asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 214,15 €.

D. Juan Carlos Franqueira Docampo, con DNI nº 32.757.612-T, vogal do órgano de selección, con domicilio en Av. de Montserrat, 8, 3º D, Coruña (15009), cinco asistencias de 42,83 € cada unha, máis kilometraje 320 km. x 5 x 0,19 (304 €), o que supón un total de 518,15 €, a aboar no número IBAN ES9220805203723000007011.

D. Juan Aguirre Rodríguez, con DNI nº 01.082.236-V, vogal do órgano de selección, con domicilio en C/ Pontevedra 8. 4ºB. 36201 VIGO, cinco asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 214,15 €, a abonar no número IBAN ES9520800545753040005345.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 16283), con DNI nº 36.040.789-L, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importan un total de 128,49 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación do Secretario do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para a formación dunha Bolsa de Emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Enxeñeiros/as Técnicos/as en Topografía, publicada no BOP de Pontevedra nº 6, de 12 de xaneiro de 2016, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal coa mesma data, e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1533,84 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. Agustín Rodríguez Carballo, presidente titular (nº persoal 77170), con DNI nº 35981050-B, cinco asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 229,45 €.

D. José Rodríguez García, con DNI nº 33.205.043-N, secretario titular, con domicilio en Cño. Toxales, nº 23, Nigrán, cinco asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 229,45 €, a aboar no número IBAN ES2820800052220040004509.

D. Aurelio Adán Fernández, vogal do órgano de selección (nº persoal 22438), con DNI nº 34.606.158-J, cinco asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 214,15 €.

D. Juan Carlos Franqueira Docampo, con DNI nº 32.757.612-T, vogal do órgano de selección, con domicilio en Av. de Montserrat, 8, 3º D, Coruña (15009), cinco asistencias de 42,83 € cada unha, máis kilometraje 320 km. x 5 x 0,19 (304 €), o que supón un total de 518,15 €, a aboar no número IBAN ES9220805203723000007011.

D. Juan Aguirre Rodríguez, con DNI nº 01.082.236-V, vogal do órgano de selección, con domicilio en C/ Pontevedra 8. 4ºB. 36201 VIGO, cinco asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 214,15 €, a abonar no número IBAN ES9520800545753040005345.

D. Ezequiel Fernández Carpintero, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 16283), con DNI nº 36.040.789-L, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importan un total de 128,49 €.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1149).- RECLAMACIÓN S AXUDAS SOCIO-SANITARIAS 2016 (FAS). EXPTE. 28886/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9/11/16, dáse conta do informe-proposta de data 7/11/16, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Con data 30/06/2016, a Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de concesión de "Axudas Sociosanitarias 2016 (FAS)", en base a proposta efectuada pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social.

Contra ditas axudas presentáronse reclamacións por D. Juan Pablo Alonso Rodríguez, D^a Remedios Alonso Vázquez, D. Diego Alvarez Campos, D^a M^a de los Angeles Balea García, D. Daniel Cabaleiro Novelle, D. Fernando Carballo Villar, D. Eugenio Costas Riveiro, D. Constantino Domínguez Casales, D. Marcos Eguía Louzan, D^a Patricia González Estevez, D. Manuel Meira Covelo, D^a Marta Riobó Ibañez, D. Carmelo Sestelo Roríguez, D. J. Arturo Vázquez Alvarez, D. Gumersindo Vázquez Pedrido, D. Manuel Vidal Rios, D. Francisco José Vilaz Campos, D^a Montserrat Bahillo Varela, D^a Teresa M. Fernández López, D^a Carmen Mourinho Barros, D. Juan Pablo Perez Diz, D^a M^a Jesús Portas Saavedra e D^a Sonia Vila Aragunde; asímesmo presenta reclamación D. David Ferreiro Riós de que non se lle outorgou o pago das axudas, que foron resoltas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, con data 01 de setembro de 2016, remitíndo a esta Área de Recursos Humanos e Formación acordo ao respecto.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

- I.- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.*
- II.- Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*
- III.- Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2016.*
- IV.- Artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais para o ano 2016.*
- V.- O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*
 - 1.- Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectoras.*

2.- *Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

3.- *Recepción, estudio e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

4.- *Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

5.- *Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

6.- *Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

7.- *Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

8.- *En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

VI.- *Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.*

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro.- Aprobar as reclamacións presentadas á concesión de axudas sociosanitarias 2016 (FAS), propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 02-11-2016 por un importe total de 4.390,00 € (cuatro mil trescientos noventa euros), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica

APELIDOS E NOME	DNI	Nº PERSOAL	Euros
ALONSO RODRIGUEZ JUAN PABLO	36075555-D	18218	320
ALONSO VAZQUEZ REMEDIOS	36049299-L	15160	97
ALVAREZ CAMPOS DIEGO	36063869-F	21083	355
BALEA GARCIA M ^a DE LOS ANGELES	35297132-K	21717	170
CABALEIRO NOVELLE DANIEL	77000590-V	81945	83
CARBALLO VILLAR FERNANDO	33280426-R	83260	355
COSTAS RIVEIRO EUGENIO	36026624-E	10889	229
DOMINGUEZ CASALES CONSTANTINO	36017614-M	14663	540
EGUIA LOUZAN MARCOS	36063709-P	20882	187
GONZALEZ ESTEVEZ PATRICIA	36114564-X	82170	194
MEIRA COVELO MANUEL	36036324-Q	83280	180
RIOBO IBAÑEZ MARTA	36081499-L	76267	176
SESTELO RODRIGUEZ CARMELO	34868159-K	60031	460
VAZQUEZ ALVAREZ J. ARTURO	36044741-S	76464	96
VAZQUEZ PEDRIDO GUMERSINDO	36051268-X	15680	150
VIDAL RIOS MANUEL	32623399-S	15622	768
VILA CAMPOS FRANCISCO JOSE	36098822-T	77689	30
SUMA TOTAL			4390

Segundo.- Denegar a concesión de axudas socio-sanitarias aos seguintes traballadores, polos motivos que se especifican para cada un deles:

- D^a. Montserrat Bahillo Varela, a Comisión se ratifica no acordo tomado en xuntanza de 01-09-2016.
- D^a Teresa M. Fernández López, a Comisión se ratifica no acordo tomado en xuntanza de 01-09-2016, toda vez que é funcionaria interina de conformidade co artigo 10.d) do Real decreto lexislativo 5/2015, do 20 de outubro polo que se aproba o texto refundido do EBEP, sendo dito nomeamento por un prazo máximo de 6 meses, non figurando o seu posto no cdro de persoal municipal, que na ten que ver coa partida presupostaria.
- D^a M^a Carmen Mouriño Barros, a Comisión se ratifica no acordo tomado en xuntanza de 01-09-2016.
- D. Juan Pablo Pérez Diz, a Comisión se ratifica no acordo tomado en xuntanza de 01-09-2016.
- D^a M^a Jesús Portas Saavedra, non procede a reclamación, dado que o tramo aplicado corresponde ás retribucións facilitadas pola Tesourería Municipal.
- D^a Sonia Vila Aragunde, non procede a reclamación, dado que o tramo aplicado corresponde ás retribucións facilitadas pola Tesourería Municipal.

Terceiro.- Estimar a reclamación presentada por D. David Ferreiro Rios, dado que efectuadas as oportunas comprobacións trátase dun erro e en consecuencia pola Tesourería Municipal se proceda a efectuar a D. Jaime Fernández Ríos (nº de persoal 16857) o reintegro da cantidade indebidamente percibida por axudas sociosanitarias 2016 e se ingrese a D. David Ferreiro Ríos (nº de persoal 15289), por figurar incorrectamente no listado remitido de concesión de Axudas.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1150).- MODIFICACIÓN BASES ESPECÍFICAS POLICÍA LOCAL OEP 2010-2011 (2ª FASE), BASE ESPECÍFICA IV.B), I) E K), ANTE A MODIFICACIÓN DA LEI 4/2007, DO 20 DE ABRIL, DE COORDINACIÓN DE POLICÍAS LOCAIS DE GALICIA, POLA LEI 9/2016, DO 8 DE XULLO E RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL. EXPTE. 28918/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/11/16, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro delegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 30 de decembro de 2010, aprobou a oferta de emprego público municipal para o dito ano, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 4 de febreiro de 2011 e no DOG de data 18 de febreiro seguinte.

Así mesmo, por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2011, aprobouse a oferta de emprego público correspondente ao ano 2011, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 16 de febreiro de 2012 e no DOG de data 28 de febreiro seguinte.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 14 de setembro de 2012, autorizou a convocatoria dos procesos selectivos para a provisión das prazas vacantes contidas nas ofertas de emprego público correspondentes aos anos 2010 e 2011, de conformidade coas bases das convocatorias específicas. Por acordo do mesmo órgano de data 05/12/2013 e 13/12/2013, deuse aprobación, entre outras, as bases específicas da convocatoria de 23 prazas de policía, que foron publicadas no DOG de 24/12/2013.

Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria de data 4 de maio de 2015 autorizou, en execución da sentenza nº 298 de 22/12/2014, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, a modificación do apartado b) da Base IV.1-Condicións dos e das aspirantes- das bases específicas reitoras das convocatorias para a cobertura de 23 prazas de policía, modificación que se publicou no BOP de Pontevedra nº 128 de 7 de xullo de 2015 e no DOG nº 182 de 23 de setembro do mesmo ano.

Por último, a Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente de data 14 de outubro de 2016 autorizou a modificación dos apartados b), e) e i) da Base IV.1-Condicións

dos e das aspirantes- das bases específicas reitoras das convocatorias para a cobertura de 23 prazas de policía, modificacións que se publicaron no BOP de Pontevedra nº 211, de 4 de novembro de 2016 e no DOG nº 213, de 9 de novembro do mesmo ano.

Nas referidas convocatorias figuran un total de 23 prazas de policía local, das que 18 se ofertan pola quenda libre e 5 para o acceso desde outros corpos da policía local da Comunidade Autónoma de Galicia, por esixilo así a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais de Galicia.

Na Base IV das específicas -Condicións dos e das aspirantes, establececese, unha vez efectuadas as modificacións a que se refíren os anteriores parágrafos, que:

Para poder tomar parte no proceso selectivo de acceso, os e as aspirantes deberán reunir, entre outros, os seguintes requisitos:

“b) Superar os 18 anos de idade e, para o caso dos/das aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal, faltar como mínimo de 12 anos para pasar á situación de segunda actividade con destino por razón de idade.

(...)

i) Os aspirantes ás prazas de Policía Local definitivamente admitidos deberán presentar perante o Órgano de Selección, na data de realización do primeiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o/a aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO IV das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

(...)

k) Aqueles aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal deberán acreditar que posúen unha categoría igual á da convocatoria (policía) como funcionarios de carreira noutros corpos de Policía Local da Comunidade Autónoma de Galicia así como unha antigüidade mínima de 5 anos en dita categoría. Tales requisitos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestara os seus servizos.”

Segundo o Artigo Único. Oito, da Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, o artigo 33 queda redactado como segue:

“1. Ademais de estar en posesión da titulación requirida en cada caso, os requisitos de ingreso nos corpos de Policía local de Galicia serán os establecidos con carácter xeral para o ingreso na Administración local e aquel outros relacionados co carácter específico deste corpo, os cales se determinarán regulamentariamente.

2. As probas selectivas de ingreso na categoría de policía serán de carácter teórico e práctico e nelas incluíranse, en todo caso, un recoñecemento médico, un exame psicotécnico, probas de aptitude física e probas de capacitación de coñecementos, tanto xerais como específicos, en materias relacionadas co exercicio profesional, así como a demostración do coñecemento da lingua galega, a través da realización dun exame, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. ”

No caso do disposto no apartado i), detectado erro material no senso de que faise referencia á entrega do certificado médico oficial “na data de realización do primeiro exercicio (probas físicas)”, cando debería dispoñer “na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas)”, e segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas polo que as Administracións Públicas, tanto de oficio como a instancia de parte, poderán en calquera momento rectificar os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus propios actos, debe procederse á corrección do dito erro.

Así mesmo, segundo o Artigo Único. Dez, da Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, modifícase o punto 4 do artigo 35 desta última, de xeito que pasa a ter a seguinte redacción: “Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservárase, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos”.

En consecuencia, a vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, elévase a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Proceder á rectificación do apartado b) da Base IV.1 -Condicións dos e das aspirantes-, das bases específicas reitoras da convocatoria para a cobertura de 23 prazas de policía, 18 delas pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia, quedando eliminado de conformidade coa Lei 9/2016, do 8 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.

Segundo.- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á corrección do erro material do apartado i) da Base IV.1 -Condicións dos e das aspirantes-, das bases específicas reitoras da convocatoria para a cobertura de 23 prazas de policía, 18 delas pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia, que pasa a contar coa seguinte redacción: “Os aspirantes ás prazas de Policía Local definitivamente admitidos deberán presentar perante o Órgano de Selección, na data de realización do terceiro exercicio (probas físicas), certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o/a

aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO IV das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.”

Terceiro.- Proceder, de conformidade co artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, á rectificación do apartado k) da Base IV.1 -Condicións dos e das aspirantes-, das bases específicas reitoras da convocatoria para a cobertura de 23 prazas de policía, 18 delas pola quenda libre e 5 por concurso pola quenda de mobilidade horizontal para o acceso dende outros corpos da policía local da CCAA de Galicia, que pasa a contar coa seguinte redacción: “Aqueles aspirantes que se presenten pola quenda de mobilidade horizontal deberán acreditar que posúen unha categoría igual á da convocatoria (policía) como funcionarios de carreira noutros corpos de policía local da Comunidade Autónoma de Galicia así como unha antigüidade mínima de 3 anos na dita categoría. Tales requisitos acreditaranse mediante certificación expedida pola entidade ou entidades nas que o aspirante prestase os seus servizos”.

Cuarto.- Acordar que as referidas rectificacións se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e e no Taboleiro de Editos da Casa do Concello, sen prexuízo da publicación do seu anuncio nos diarios e boletíns oficiais en que proceda, na prensa local e na páxina web municipal www.vigo.org”.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1151).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA VIXENTE RPT NA ÁREA DE CULTURA. EXPTE. 28920/220.

A Xunta de Goberno local retira este expediente.

14(1152).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO COA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2016. EXPTE. 990/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/10/16 e o informe de fiscalización do 9/11/16, dáse conta do informe-proposta do 26/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-

delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

Con data 19 de xullo pasado, a asociación Orquesta Clásica de Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 10 de outubro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do programa de concertos de 2016, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A Orquesta Clásica de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e dous anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

PROGRAMA:

Luns 28 de marzo

Concerto 1: "Orixes"

Colexiata de Santa María.

Gratuíto

Martes 21 de xuño

Concerto 2: "Día Europeo da Música"

Barrio Histórico

Gratuíto

Venres 21 de outubro

Concerto: "Á deriva"

Teatro Afundación Vigo

Pagamento

Xoves 29 de decembro

Concerto: "Á deriva"

Teatro Afundación Vigo

Pagamento

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 16.400 € (dezaseis mil catrocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (60,98 %)
- Venda de entradas: 6.400 € (39,02 %)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención
- Proxecto e orzamento da actividade
- NIF do Presidente
- CIF da Asociación
- Estatutos da Asociación
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Capacidade legal do presidente da entidade
- Certificado exención de iva
- Escrito de data 26 de outubro de 2016, recibido por correo electrónico, e remitido pola Orquesta Clásica de Vigo de aceptación do texto do convenio de colaboración relativo ao programa de concertos 2016, proposto polo Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á asociación Orquesta Clásica de Vigo, para a organización do programa de concertos 2016, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Orquesta Clásica de Vigo deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2016, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo ten como obxecto financiar a organización do programa de concertos 2016 e figura na partida 3340.480.00.04 "ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á Orquesta Clásica de Vigo é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) á Orquesta Clásica de Vigo, CIF. G36688422, para o financiamento do programa de concertos 2016, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.04 "ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Orquesta Clásica de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa de concertos 2016.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLEO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCERTOS 2016.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaseis

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodriguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Óscar Prieto Sanmartín, na súa condición de presidente da Orquesta Clásica de Vigo (CIF: G-36688422) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo no Camiño de Ribadavia, 50, CP 36213 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro, decana das orquestras de Galicia, con trinta e dous anos de existencia, e que ten acadado prestixio e personalidade propia no ámbito da música. A orquesta realiza de forma estable un programa de concertos anual, cunha actividade enfocada a investigar nos formatos e nas posibilidades de achegar a música a todos os públicos.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, como medio que é de promover a música na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.04, como subvención nominativa, a favor da ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO, a cantidade de 10.000 euros.

IV.- Que a ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior

eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o programa de concertos durante o exercicio 2016, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 16.400 € (dezaseis mil catrocentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (60,98 %)
- Venda de entradas: 6.400 € (39,02 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Luns 28 de marzo
Concerto 1: "Orixes"
Colexiata de Santa María.
Gratuíto

Martes 21 de xuño
Concerto 2: "Día Europeo da Música"
Barrio Histórico
Gratuíto

Venres 21 de outubro
Concerto: "Á deriva"
Teatro Afundación Vigo
Pagamento

Xoves 29 de decembro
Concerto: "Á deriva"
Teatro Afundación Vigo
Pagamento

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ASOCIACIÓN, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Óscar Prieto Sanmartín, presidente da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina "vigocultura.org" e demais canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- A concesión da subvención á ASOCIACIÓN implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ASOCIACIÓN é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención

poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ASOCIACIÓN, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ASOCIACIÓN facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 9 de decembro de 2016*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.*
- *Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.*
- *As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ASOCIACIÓN é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ASOCIACIÓN para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ASOCIACIÓN. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ASOCIACIÓN e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS
Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA ANUAL DE CONCERTOS DA ORQUESTA CLÁSICA DE VIGO

1.- GASTOS:

<i>Admnsitración</i>	1.850 €
<i>Imprenta</i>	1.210 €
<i>Aluger de partituras</i>	2.451 €
<i>Aluguer de material</i>	3.630 €
<i>Fotografía</i>	360 €
<i>Transportes de materiais</i>	280 €
<i>Produción técnica e artística</i>	1.210 €
<i>Aluguer de Teatro</i>	2.904 €
<i>Viaxes</i>	600 €
<i>Comunicación</i>	605 €
<i>Caterin</i>	1.210 €
TOTAL GASTOS	16.400 €

2.- INGRESOS:

<i>Subvención Concello de Vigo</i>	10.000 €
<i>Taquillas</i>	6.400 €
TOTAL INGRESOS	16.400 €

15(1153).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO CON SINSAL AUDIO S.L., PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 14. EXPTE. 1001/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27/10/16 e o informe de fiscalización do 9/11/16, dáse conta do informe-proposta do 24/10/16, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e o concelleiro-delegado da Área de Orzamentos, que di o seguinte:

Con data 23 de outubro pasado, a empresa SINSAL AUDIO S.L. presenta solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 24 de outubro pasado, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización e realización do Festival Sinsal 14, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

SINSAL AUDIO S.L. ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de

primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

PROGRAMA:

Lloyd Cole playing the classic Lloyd Cole songbook 1983–1996

29 de setembro, 21:00 h

Auditorio Municipal do Concello

Derek Gripper

15 de outubro, 20:30 h

Casa das Artes

65daysofstatic + Thought Forms

28 de outubro, 20:30 h

MARCO

Paddy Steer

2 de novembro, 20:30 h

MARCO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 18.525 € (dezaioito mil cincocentos vintecinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (53,98 %)*
- MARCO: 1.210 € (6,53 %)*
- Sinsal Audio: 3.319,13 € (17,92 %)*
- Venda de entradas: 3.995,87 € (21,57 %)*

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación , presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- *Solicitud de subvención*
- *Proxecto e orzamento da actividade*
- *NIF do administrador*
- *CIF da empresa*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social*
- *Certificado de estar ao corrente de pagos coa Facenda*
- *Certificación da conta bancaria*
- *Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.*
- *Declaración doutras axudas.*
- *Escrito de data 24 de outubro pasado, remitido por SINSAL AUDIO S.L. de aceptación do texto do convenio de colaboración proposto, relativo á organización e realización do Festival Sinsal 14.*

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á SINSAL AUDIO S.L., para a organización e realización do Festival SINSAL 14, obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a SINSAL AUDIO S.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do Concello de Vigo de 2016, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade ca actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrència para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativa

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO S.L. ten como obxecto financiar a organización do Festival Sinsal 14 e figura na partida 3340.470.00.02 "CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIVAL SINSAL", a concesión dunha subvención nominativa por importe de 10.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a SINSAL AUDIO S.L. é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 10.000€ (dez mil euros) a SINSAL AUDIO S.L., CIF. B36898369, para o financiamento do Festival Sinsal 14, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.470.00.02 "CONVENIO SINSAL AUDIO FESTIVAL SINSAL", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprrobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e SINSAL AUDIO S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Sinsal 14."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SINSAL AUDIO S.L., RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL SINSAL 14.

En Vigo, _ de _____ de dous mil dezaseis

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía e acordo da Xunta de Goberno Local, ambos de data 19 de xuño de 2015; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, D. Luis Campos Alonso, en calidade de Administrador da sociedade Sinsal audio, SL, con CIF B36898369, actuando en nome e representación da devandita entidade, e con enderezo na rúa Estrada, nº 6, 1ºD, CP 36209, da cidade de Vigo, en adiante a EMPRESA.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que SINSAL AUDIO S.L. ven desenvolvendo unha labor de continuidade no ámbito da promoción e difusión da música, promovendo desde o ano 2003 o Festival Sinsal, con programación de carácter didáctico e dando a coñecer músicas menos frecuentes nos circuítos maioritarios, primando a calidade das propostas e contando con artistas de primeira orde do ámbito nacional e internacional; e que en aras dunha maior eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

II.- Que SINSAL AUDIO S.L., tal e como establecen os seus estatutos, é unha sociedade cuxo obxecto social o constitúe a edición e venda de discos e materiais fonográficos e a promoción de eventos culturais , así como a produción, organización, xestión e administración de eventos, festivais e espectáculos culturais e recreativos, tanto públicos como privados, mediante a utilización de recursos propios ou alleos, entre outros relacionados.

III.- Que o Concello de Vigo, coñecedor de ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación de SINSAL AUDIO S.L., como medio que é de promover a música na cidade.

IV.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.470.00.02, como subvención nominativa, a favor de SINSAL AUDIO S.L., a cantidade de 10.000 euros.

V.- Que SINSAL AUDIO S.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

VI.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas de forma nominativa no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila EMPRESA para desenvolver o programa *Festival Sinsal 14*, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola EMPRESA, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 18.525 € (dezaoito mil cincocentos vintecinco euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (53,98 %)
- MARCO: 1.210 € (6,53 %)
- Sinsal Audio: 3.319,13 € (17,92 %)

- Venda de entradas: 3.995,87 € (21,57 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Lloyd Cole playing the classic Lloyd Cole songbook 1983–1996
29 de setembro, 21:00 h
Auditorio Municipal do Concello

Derek Gripper
15 de outubro, 20:30 h
Casa das Artes

65daysofstatic + Thought Forms
28 de outubro, 20:30 h
MARCO

Paddy Steer
2 de novembro, 20:30 h
MARCO

CUARTA.- OBRIGAS DE EMPRESA . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

–Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Luís Campos Alonso, administrador da entidade.

–Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

–Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

–Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.

–Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

–Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.

–Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

–A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención (10.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a EMPRESA adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da EMPRESA, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a EMPRESA entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A EMPRESA comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A EMPRESA facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de XXXXX euros.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, tralo remate das actividades e, en todo caso, como limite o 9 de decembro de 2016
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 6. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 7. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 8. Memoria de prensa.
 9. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 10. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2016 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

A entidade beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, máis ive, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a CONCELLERÍA.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da EMPRESA. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA EMPRESA

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a EMPRESA e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2016, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA

queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO I

ORZAMENTO DO PROGRAMA "FESTIVAL SINSAL 14"

GASTOS	
CONCEPTO	CANTIDADE
Cachés	10.095,00 €
Hoteis	462,00 €
Dietas	550,00 €
Gastos administración	726,00 €
Transportes	302,50 €
Producción técnica	2.215,00 €
Comunicación, vídeos, fotos	1.331,00 €
Promoción e deseño	1.149,50 €
Producción artística	1.694,00 €
TOTAL GASTOS	18.525,00 €
INGRESOS	
CONCEPTO	CANTIDADE
CONCELLO DE VIGO	10.000,00 €

MARCO	1.210,00 €
SINSAL AUDIO S.L.	3.319,13 €
VENDA DE ENTRADAS	3.995,87 €
TOTAL INGRESOS	18.525,00 €

16(1154).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.